

# A VERDADEIRA HISTORIA DE CARAPUCHIÑA

Texto de ANTONIO RODRÍGUEZ ALMODÓVAR

Ilustracións de MARC TAEGER

Tradución de VITORIA BALLESTEROS

Encadernado en cartón. 20 x 20 cm. 40 páx. 13 €

PREMIO DANIEL GIL DE DESEÑO EDITORIAL 2005 MELLOR ÁLBUM INFANTIL  
MENCIÓN DO PREMIO DANIEL GIL 2005 ÁS ILUSTRACIÓN

**A verdadeira historia de Carapuchiña** (galego)

ISBN 978-84-8464-512-2. Os contos do trasno.

**La verdadera historia de Caperucita** (castelán)

ISBN 978-84-933755-9-1. Libros para soñar.

**A verdadeira história do Capuchinho** (portugués)

ISBN 978-972-8781-95-8. Livros para sonhar.

**La vera storia di Cappuccetto rosso** (italiano)

ISBN 978-88-95933-08-5. Libri per sognare.


*Había unha vez unha nena moi xeitosiña que vivía nunha aldea, preto dun bosque. Chamábanlle Carapuchiña, ou Carapuchiña Vermella, porque a súa avoa, que vivía noutra aldea dos arredores, regaláralle unha capa desa cor, cunha carapucha para o frío...*

Detalles que ata agora pasaran desapercibidos sobre a vida cotiá de Carapuchiña -a súa torpeza para a costura, a súa fama de larpeira, a súa curiosidade extrema- saen á luz nesta obra. Froito dun intenso labor de investigación, Rodríguez Almodóvar non escatima en detalles: conversas entre nai e filla, entre nena e lobo, están fielmente plasmadas...

Así, desentraña o plan do malvado animal para devorar unha Carapuchiña que se describe como unha cativa inocente, aínda que habilmente astuta ao final do conto. Cunha linguaxe descritiva e abundantes pinceladas poéticas, o autor non elude evocar paisaxes características do relato clásico: “*avoíña, que uñas tan grandes tes, que ombros tan anchos, que nariz...*”.

Tras afondar nas numerosas versións que circulan polo mundo sobre as peripecias de Carapuchiña, nesta “verdadeira historia” plásmanse personaxes como o gato da avoa, tan transcendentais para un desenlace feliz.

O clasicismo narrativo contrasta co aspecto rompedor e vangardista das ilustracións, cun estilo rústico e contundente: Carapuchiña podía ter saído do garabato dun neno e o lobo podía ter fuxido dun cadro de Picasso. Vermello, branco e negro é a gama cromática básica das composicións, a base de técnicas que evidencian un traballo de experimentación previo. A paisaxe ten un gran protagonismo, compartido coa expresividade dos personaxes: a representación de Carapuchiña sorprenderá en todas as páxinas do libro.



- **Temática:** versión de Carapuchiña baseada en textos da tradición oral francesa.
- **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.
- **Aspectos destacables:** Premio Daniel Gil 2005; do ilustrador de “Aquiles o puntiño”, “Garavanciño”, “Tic-tac” (KALANDRAKA) e “Artur” (FAKTORÍA K); títulos relacionados: “La niña de rojo”, de A. Frisch e R. Innocenti.

## Antonio Rodríguez Almodóvar

(Alcalá de Guadaíra, Sevilla, 1941)

Autor dunha vintena de libros, principalmente contos e relatos infantís. Tamén escribiu novela e poesía, guións para televisión e obras de teatro. Doutor en Filoloxía e Catedrático do Instituto de Lingua e Literatura Española, publicou estudos sobre teoría da narración e do texto poético en clave semiótica. Como resultado dos seus traballos de recuperación dos contos populares xurdiron obras como “Cuentos maravillosos españoles” ou “Cuentos de la media luna”. Recibiu, entre outros, o Premio Internacional Infanta Elena de Narrativa Xuvenil pola novela “Un lugar parecido al paraíso”, o Premio Nacional de Literatura en 1985 ao libro mellor editado por “Cuentos al amor de la lumbre”, e o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2005 por “El bosque de los sueños”.  
[www.aralmodovar.es](http://www.aralmodovar.es)

## Marc Taeger

(Berna, 1963)

Viviu en Milán e Nápoles, Schriesheim e Lisboa. En 1975 instalouse en Barcelona, onde estudou deseño gráfico. Afincado agora en Galicia, traballa como ilustrador e deseñador. Animación, pintura, escultura e arte gráfica son algúns deportes nos que realiza a súa obra, que se expuxo en Luxemburgo, Alemaña, China, España, Francia, Costa Rica e outros países. Polo seu traballo de ilustración e deseño no álbum titulado “A verdadeira historia de Carapuchiña”, editado por KALANDRAKA, recibiu o Premio Daniel Gil de Deseño Editorial 2005. Tamén ilustrou os álbums “Aquiles o puntiño”, “Tic-tac” e “Artur”, este último publicado no selo FAKTORÍA K. [www.marquski.com](http://www.marquski.com)



Carapuchiña,  
depois de xeralme un pouco,  
solta a creta e púxose a dar chupitos por ali.  
Non sabía que o lobo acababa de engamada  
indicándolle o camiño das agoallas,  
ou seica, se máis logo.

E entre iso e o que ela se crendou  
contando os detalles violentos  
e dando saltos dun lado a outro,  
focelle moi tarde.

